

**HOMO ZAPPING**

## Boiro, un rapaz quere saír na tele...

**XABIER SANMARTÍN**

O dos rapaces de Boiro dá pé a innumerables programas de televisión onde expertos de vai ti saber que e máis diversos comunicadores non cesan de criminalizar internet; din que os adolescentes desexaban eco e sona, ser famosos saíndo na rede de redes e... non, eles queren saír na televisión ese é aínda o medio de comunicación que marca a diferenza entre ter fama e non, quéirase ou non, saír nesa caixa otorga ese status de coñecido, que non sei se de recoñecido. Os rapaces poderían gravar ese pesadelo e ofrecer os planos dende o seu blog, o mesmo que poderían facer copias en DVD e pasalas de man en man pero eles traballaban coa idea de ter eco televisivo... teño esa sensación. Unha situación que lembra o caso do metro de Barcelona, o dese agresor capturado en plena acción pola cámara de vixilancia, quen cada vez que sae na tele entre varios reporteiros bota sorrisos e parece sentirse feliz como un actor de Hollywood logo da cerimonia dos Óscar. Noutros lugares de Europa o mundo da Comunicación é capaz de manter certos debates, de falar de autorregulación, de pautas pero acá falta cultura para iso, foron moitos anos de negra ditadura e iso págase. É cruelmente cómico atopar cantidade de espazos de televisión que denuncian que as imaxes do suceso de Boiro se vexan en internet cando eles son capaces de montar un maratón fala que che fala sobre violencia na sociedade, aínda que ás veces habería que poñer... sucidade.